

Acordo de Colaboración entre A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes relativo á utilización das instalacións da Residencia Xuvenil de Altamar.

MEMORIA DE TRANSPARENCIA

A directora Xeral de Xuventude da Dirección Xeral de Xuventude da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ten previsto formalizar coa Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes un acordo de colaboración por un período de vixencia de catro anos dende a súa sinatura e poderá prorrogarse mediante acordo expreso por un período de ata catro anos adicionais, de acordo co sinalado no artigo 49.h) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto do presente acordo é establecer a forma e condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte para a promoción da práctica de actividades deportivas entre a xuventude.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, comprométese a:

- Facilitar o uso gratuíto aos mozos e mozas da Residencia de Altamar en Vigo de:
 - a) As instalacións deportivas que xestiona esta secretaría xeral no Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD) de Pontevedra. O uso das instalacións deportivas efectuarase no horario máis axeitado e sen interceder na dinámica propia do CGTD.
 - b) As instalacións da Casa do Deporte de Vigo sita na rúa Luis Kasado (Vigo), previa solicitude formulada ao servizo provincial de Deportes Vigo, en idénticas condicións que



as que gozan as federacións deportivas.

- Disposición de dez entradas en cada xornada, para as competicións organizadas ou nas que participen como local os clubs dos deportistas que sexan seleccionados como usuarios da Residencia Xuvenil Altamar. A adxudicación destas entradas realizarase entre as persoas residentes que previamente manifestaran o seu interese polas entradas.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a acoller na devandita residencia a un máximo de seis (6) deportistas en réxime de aloxamento e mantenza e gozando dos mesmos servizos que as demais persoas residentes.

O aloxamento e a manutención prestaranse na Residencia xuvenil Altamar, de luns a venres en réxime de pensión completa, e só aloxamento os sábados, os domingos e os festivos. En todo caso, os períodos de estadía destes 6 mozos/as estarán suxeitos ao funcionamento regular da residencia xuvenil.

A prestación de aloxamento e manutención por parte da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude non supón incremento ningún de custo orzamentario, pois son prestacións que conforman as actuacións ordinarias de funcionamento das residencias xuvenís adscritas.

A subscrición deste acordo non supón custe económico, xa que, a súa finalidade non é acadar un beneficio económico, senón fixar os termos dunha colaboración entre administracións públicas que ten por obxecto fomentar o deporte.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na normativa vixente en materia de contratos públicos nin con outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e coa finalidade de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela.

A directora xeral de Xuventude,

Lara del Carmen Meneses Álvarez

